



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRECE DE XULLO DE 2017, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
Escusa asistencia D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as catorce horas e cinco minutos do día trece de xullo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**PUNTO ÚNICO: Adxudicación do contrato de servizos consistente na prestación das tarefas integradas no servizo de axuda no fogar (SAF).**

Con data 30 de xaneiro o Pleno do Concello en sesión ordinaria aprobou o prego de cláusulas administrativas e condicións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos, cuxo obxecto é a prestación das tarefas integradas no servizo de axuda no fogar tanto a persoas dependentes como a usuarios de libre concorrencia, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada.

Con data 14 de febreiro remitiuse anuncio de licitación ao DOUE, publicándose así mesmo no BOE núm. 44/17, do 21 de febreiro, no BOP núm. 38/17, do 23 de febreiro e no Perfil do Contratante ([www.concellodevedra](http://www.concellodevedra)), presentando en prazo proposta os seguintes licitadores: MARÍA JOSÉ VEIGA LÓPEZ; SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L; TRONCOSO CASARES, S.L; ATENDO CALIDADE, S.L; EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A E CLECE, S.A

Unha vez cualificada a documentación administrativa foron admitidos os licitadores: SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L; TRONCOSO CASARES, S.L; ATENDO CALIDADE, S.L ; EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A E CLECE, S.A, non resultando admitida MARÍA JOSÉ VEIGA LÓPEZ por non acreditar suficientemente a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional

Á vista da proposta da Mesa de Contratación, en función dos informes emitidos polo Comité de Expertos e outros, de acordo co establecido nos artigos 151.1 e 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) (BOE núm. 276/11, do 16 de novembro), o Pleno en sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de xuño acordou



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



asumir integramente a proposta da mesma e así mesmo clasificar as proposicións presentadas e requirir a Atendo Calidade S.L para que presentase a documentación preceptiva para a adxudicación do contrato, de acordo co seguinte orde decrecente:

1. ATENDO CALIDADE, S.L: 21,05 puntos
2. SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L: 20,45 puntos
3. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A: 19,53 puntos
4. CLECE, S.A: 18,25 puntos
5. TRONCOSO CASARES, S.L: 16,77 puntos

Dado que Atendo Calidade, S.L presentou a mesma en prazo (R.E 1060/17, do 7 de xullo) de acordo co establecido no artigo 151.3 e demais do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local, en función da delegación outorgada polo Pleno, acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicarlle á empresa ATENDO CALIDADE, S.L, con NIF B36875938 e domicilio social en Rúa Zaragoza nº 52 baixo (36211 Vigo) o contrato de servizos consistente na prestación das tarefas integradas no servizo de axuda no fogar, suxeito a regularización harmonizada, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, de acordo cos seguintes extremos:

1.1.-Prezo: un millón setecentos trinta e nove mil trescentos sete euros con vinte céntimos (#1.739.307,20#) máis setenta mil oitocentos sesenta e seis mil euros con cincuenta e seis céntimos (#70.866,56#) de IVE. Total: 1.810.173,76 euros.

1.2.- Duración: tres anos, prorrogable un ano máis, ata un máximo de catro anos.

1.3.- Proxecto técnico, bolsa de horas, estabilidade no emprego e fomento do emprego local, recursos técnicos e materiais, formación para a reciclaxe profesional; servizo de préstamo de axudas técnicas ou produtos de apoio, recursos humanos, servizo de podoloxía e fisioterapia, outras melloras e demais ofertadas polo citado licitador e que formarán parte do contrato.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 231-22799 do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO.- Notificarlles nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos a adxudicación aos licitadores non admitidos, aos que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional prestada por eles. Simultaneamente publicar anuncio de adxudicación no Perfil do Contratante.

CUARTO.- Notificarlle a ATENDO CALIDADE, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo.

QUINTO.- Publicar a adxudicación do contrato no Diario Oficial da Unión Europea no prazo de corenta e oito días a contar dende a data de formalización do contrato.

SEXTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante e no BOP no prazo de corenta e oito días dende a mesma.

SÉTIMO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Publico, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público.

Conclúe ao fío das catorce horas e trinta e cinco minutos.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

---

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: [correo@concellovedra.com](mailto:correo@concellovedra.com)

